

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE NOVEMBRO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobase acta núm. 46/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 3 novembro de 2014 e acordouse aprobar as mesmas e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER A CAMPODEZA, S.C.L, licenza de obra** para efectuar a reforma de unidade de subministro nunha parcela sita no Castro, s/n, Gresande, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 2.255,12 euros.



3.- EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para o mantemento de cuberta e fachadas no edificio A Mina na rúa Álvaro Cunqueiro, 9-11 e Muíño do Calón, 4, Lalín, con efectos dende o 28 de outubro de 2014 e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de ICIO por 143,47 euros.

3.2.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para o peche de parcela sita na Estrada de Carballiño (PO-902) e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal por importe de 54,00 euros en concepto de ICIO.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal, de data 4 de novembro de 2014, segundo petición formulada por **Augas de Galicia** na que solicita informe preceptivo previo para autorización de obras para o peche perimetral dunha finca e camiño de servizo, sita nunha parcela denominada “CAMPELO”, na parroquia de Vilatuxe de Lalín.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse **aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos** da obra, redactados pola empresa Antonio Framiñán Construcciones S.L, informados favorablemente e conformados polo Coordinador de Seguridade e Saúde e o Director de Obra, do expediente de contratación denominado “REPARACIONES VARIAS NO EDIFICIO MULTIUSOS LALIN ARENA”.

5.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **SERVIZO DE DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN, CONTROL E PREVENCIÓN DE LEXIONELOSE EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE RISCO E CONTROL DAS CONDICIÓNS TÉCNICO SANITARIAS NAS PISCINAS MUNICIPAIS DE LALÍN** (CSE122014), mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 7.520,66 anuais máis a partida de 1.579,34 anuais correspondente ao IVE e un prazo máximo dun ano prorrogable por outro ano máis, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e



Secretaría Xeral
incorporar os devanditos documentos ao expediente.

6.- EXPEDIENTES DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

6.1.- Acordouse desestimar e rexeitar a reclamación por responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín formulada polos danos persoais sufridos por una caída o día 13 de xaneiro de 2014.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **81.448,84 €**.

8.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

8.1.- Acordouse a **devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal, por importe de 516,52 €, como garantía para responder do contrato denominado “*Servizo de mantemento do alumeadado público do Concello de Lalín. Lote 1: mantemento do casco urbano*”.

8.2.- Acordouse a **devolución e cancelación do aval** depositado na Tesourería Municipal, por importe de 5.101,52 €, como garantía para responder do contrato denominado “*Obras para a reforma da sala de caldeiras de piscina municipal climatizada de Lalín para o incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables*”.

8.3.- Acordouse a **devolución e cancelación do aval** depositado na Tesourería Municipal, por importe de 4.928,02 €, como garantía para responder do contrato denominado “*Servizo de mantemento das zonas verdes, parques, xardíns e arboredo do Concello de Lalín*”.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse a adhesión do Concello de Lalín á plataforma electrónica “*FACe-*



Secretaría Xeral

Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas” da Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, do Ministerio de Facenda e Administraciones Públicas, prevista na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e a creación do rexistro contable de facturas no Sector Público nos termos e condicións de uso establecidas.

9.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.394,56 € (IVE incluído), con destino á **adquisición de sinais indicadoras do límite urbano** para a aplicación das tarifas dos servizos a prestar polos vehículos de autotaxi con licenza no termo municipal de Lalín, e contratar coa empresa BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L, o subministro citado, con suxeición ó réxime dos contratos menores de subministros.

9.3.- Acordouse **reintegrar** a D. Román Rodríguez González, Concelleiro delegado de Urbanismo, o importe de 45 € en concepto de gastos efectivamente realizados como consecuencia da solicitude do ISBN para a edición de libros “ *A Terra en Galicia, pasado, presente e futuro*”, de acordo cos xustificantes achegados.

9.4.- Acordouse aprobar a concesión de varias axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.

9.5.- Acordouse autorizar a dúas técnicas municipais para a obtención dun certificado dixital para o acceso a información da Axencia Estatal de Administración Tributaria na tramitación de expedientes.

9.6.- Acordouse unha alta e unha baixa no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas.

9.7.- Acordouse **aprobar as bases que rexerán os XXIº Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”**, quedando sometida a autorización de gasto á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para o outorgamento deste premio no Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o 2015 ao tratarse dun expediente de tramitación anticipada.

9.8.- Acordouse **aprobar a alta na taxa** por entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase para o baixo emprazado na Avenida dos Olmos nº 10.

9.9.- Acordouse aprobar a **renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 10/2012.**



10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Acordouse **autorizar** a GAIA LALÍN ARENA, S.L ao acceso ao Proxecto Básico e de Execución visado polo cal se obtivo a licenza de obra do multiusos Lalín Arena, así como toda a documentación relativa ó final de obra.

10.2.- Acordouse **designar como representante do Concello de Lalín** no Consello Escolar do Centro de Educación Infantil e Primaria “Xesús Golmar” de Lalín a Sra. Concelleira D^a. María Álvarez Paz.

10.3.- Acordouse **designar como representante do Concello de Lalín** no Consello Escolar do Centro I.E.S. Ramón María Aller Ulloa de Lalín ó Sr. Concelleiro D. Manuel Gómez Estévez.


10.4.- Acordouse **designar como representante do Concello de Lalín** no Consello Escolar do CEIP “Manuel Rivero” de Lalín ó Sr. Concelleiro D. José Antonio Varela Quintela.

10.5.- Acordouse autorizar ao Xefe de Réxime Interno e Asesoramento á asistencia a unha Xornada sobre “**OS EFECTOS URBANÍSTICOS, CIVÍS, REXISTRAIS, MEDIOAMBIENTAIS E FISCAIS DA NULIDADE DOS PLAN**”, que se vai a celebrar en Santiago de Compostela o vindeiro 26 de novembro, e sufragar os gastos de matrícula da mesma.

10.6.- Dáse conta do escrito remitido polo **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas-Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra-Xerencia Territorial do Catastro de data 5 de novembro de 2014, número de rexistro de entrada 6812**, dando contestación o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de Lalín, en sesión celebrada o 4 de setembro de 2014, dirixida á armonización entre a lexislación estatal en materia catastral e a lexislación urbanística na definición dos solos de natureza urbana e rústica.

10.7.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do **cambio de titularidade** na **TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE** en relación ao vado permanente con placa nº 187.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

10.8.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **baixa** na *TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE*, do vado permanente de placa nº 563.

=====

